

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Modificación del tipo impositivo del IBI»
Data	3 de xuño de 2021
Duración	Desde as 9:37 ata as 11:27 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretario	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	NON
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ



Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	NON
Escusas de asistencia presentadas:	
1. Primitivo González Souto: «Motivos laborais»	
1. Ángela Valcárcel Bernárdez: «Maternidade»	

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Sra. Alcadesa: Bos días benvidos a todos e a todas a este pleno extraordinaria. En primeiro lugar, saudar aos veciños e veciñas que nos están seguindo a esta hora. Antes de pasar ao debate, quixera dicir que como ben sabedes, todo apunta a que o primeiro punto da orde do día se aprobe por unanimidade como aconteceu na Comisión, a pesar de que se aprobe este ano terá efectos para o vindeiro ano como calquera reforma fiscal de calquera das ordenanzas. Cumprimos ademais así unha das cinco medidas que dende o goberno se propuxo, se traballou intensamente dende o primeiro momento cando tivemos coñecemento desta revisión catastral.

Hai unha solicitude por parte do Partido Popular de ampliación de tempo, neste primeiro punto, como vos comentaba antes, a unanimidade da Comisión fai prever que non hai moito problema ademais é un punto que se debateu en dous plenos anteriormente, serán cinco minutos como calquera outro punto e no punto dous de “aprobación definitiva da relación de postos de traballo” entendo tamén que deberían ser cinco minutos, posto que é a aprobación definitiva e o debate xa se produciu na aprobación inicial, pero non teño ningún convinte en que usedes os dez minutos, o dobre de tempo para defender este punto.

Sr. Rodríguez Davila: Bos días a todos e aos veciños que van ver ou están vendo este pleno. En primeiro lugar, como portavoz deste grupo, desculpar a ausencia neste pleno tanto da compañeira Angela que con motivos da maternidade recentemente non pode asistir a cal, en nome deste grupo, quero felicitar e tamén ao compañeiro Tivo que por problemas laborais non pode asistir a este pleno. Unha vez máis a Alcadesa convoca un pleno ás 9:30 da mañá, non tendo en conta a conciliación e as petición reiteradas deste grupo maioritario da Corporación, insistindo que se respecte o tema de facer os plenos en horario ordinario, é dicir, polas tardes, para que todos poidamos asistir e polo tanto todos os membros da Corporación poidamos estar presentes, polo tanto non é unha excepción. Que casualidade, vostedes anunciaron o pleno próximo quince de xuño onde vai a haber cambio de Alcadesa as 12 da maña, polo tanto non está establecido en ningún regulamento a hora dos plenos extraordinarios.



Sra. Alcaldesa: Creo que vostede non aplica ben a conciliación familiar, os dereitos dos concelleiros e concelleiras a asistir á sesión plenaria creo que os coñece perfectamente. No seu escrito solicitaban o pleno de forma presencial, xa o é, neste salón de plenos. Solicitaban ademais o incremento de tempo, como xa lles dixen antes, os asuntos a tratar creo que non precisan un tratamento especial porque xa foron debatidos, o IBI tres veces con esta sesión plenaria e a RPT dúas veces en sesión plenaria, a aprobación inicial e esta definitiva. Con respecto á RPT está informado todo o mundo, sexa o persoal do Concello, os sindicatos, vostedes, non creo que sexa necesaria esa ampliación de tempo, pero mesmo así teñen tempo para facer o seu debate, dez minutos que lle acabo de dicir que teñen. Con respecto ao IBI, repito, é un trámite, un mero anuncio de aprobación por unanimidade de rebaixa do tipo. Non sei se realmente o que precisan é o tempo para outra cousa, agardo que non é que se limiten ao simple debate do punto que vamos a tratar. Nesta nova normalidade os plenos visualízanse a través dunha cámara, cando un queira, como un queira, de maneira directa, de maneira diferida, nunca antes foi posible creo que é moitísimos máis fácil chegar a xente e a golpe de click. Creo os tempos están cambiando, Santi, máis en era COVID non vexo a necesidade destas solicitudes que fan, en todo caso, concedido o tempo dobre para a RPT. Creo que a conciliación familiar cando propomos os plenos as nove non está ben, cando os propomos ás 12:30 non está ben, ás 12:45 non está ben e hoxe ás 9:30 tampouco está ben. De verdade non utilicen o termo conciliación sobre todo familiar porque vostedes tamén teñen uns dereitos adquiridos e creo que ademais este goberno fai todo o posible por cadrar as horas con vostedes, os plenos extraordinarios fixéronse pola mañá ata o de agora e así se seguirá a facer.

Damos comezo aos asuntos da convocatoria.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 543/2021. Modificación do artigo 2.1 da Ordenanza fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Sra. Pereira González: Bo día a todos e a todas, a proposta que se trae é e a modificación da ordenanza fiscal reguladora do IBI para fixar o seu tipo impositivo no mínimo legal. Os Concellos temos a potestade de fixar o tipo entre o 0,40 e 1,10, no caso de Salceda estaba no 0,5 un tipo bastante baixo, sobre todo tamén tendo en conta a ponencia de valores, pero a situación ante a que estamos esixe que axustemos ao máximo. esta proposta enmarcase dentro das medidas que se levaron a cabo como consecuencia do procedemento simplificado de valoración catastral que a Dirección Xeral do Catastro decidiu levar a cabo en Salceda. Sabíamos os concelleiros



e sabía a veciñanza que isto ía chegar en calquera momento, son moitos os Concellos que xa o están aplicando e os que non, nolo están aplicando por imperativo legal como nesta primeira parte do ano a Salceda, Porriño, Mos e Bueu. Na segunda parte virán outros cantos que falan, pero o que si estamos tamén de acordo é que nos viu no peor dos momentos posibles, en medio dunha pandemia, en medio dunha crise sanitaria e con todas as súas eivas, económica, social e polo tanto, dende o Concello poxemos en marcha unha serie de medidas.

A medida máis inmediata foi a apertura da oficina que nesta mesma semana pechou, temos o punto catastral aberto como temos todo o ano, oficina que estivo dous meses e medio aberta con catro persoas, dúas delas en horario de mañá e de tarde para axudar a veciñanza para no momento máis inmediato, no momento en que recibían a notificación, axudarlle a comprender o que quería transmitirle e axudarlle a encauzar e as alegacións para que que foxen frutíferas no caso de que correspondera facelas. Solicitamos que se tivera en conta un prazo ampliado para as alegacións, que non foran taxativos co prazo, xa que como sabedes e posiblemente por ser Salceda o primeiro dos Concellos no que se fixo esta revisión, se enviaron as máis de 15.000 notificacións en dúas semanas e media, máis ou menos, e isto supuxo un atasco imposible de atender tanto na oficina como polos técnicos que hai pola zona de poder, en mes e medio, responder todas esas alegacións, creo que nos seguintes Concellos xa as foron repartindo máis.

Solicitamos tamén por acordo plenario por unanimidade ao ORAL que dosificase os atrasos e entre as medidas tiñamos tamén o estudio da modificación da ordenanza en dous sentidos, por un lado a baixada do tipo que, igual que a dosificación dos recibos, tamén o solicitou o Partido Popular, e ademais unha serie de bonificacións tanto sociais como urbanísticas. Chegados a este punto e tendo en conta que os informes están e temos claro que a decisión non pode ser outra, que toca poñer da nosa parte o máximo posible para que este proceso cause o menor impacto na nosa veciñanza, se trae a pleno. O expediente ten informe favorable de secretaría ao procedemento, como sempre despois desta aprobación plenaria se publicará no boletín para un período de alegacións, se non as houbera se aproba automaticamente e senón hai que volver a traela a pleno. Ten informes desfavorables de intervención e de tesourería, as baixadas de ingresos son sempre perigosas, as baixadas de ingresos nun Concello como este no que tampouco ten unha carga fiscal alta o nivel de ingresos tampouco é demasiado elevado non son aconsellables e nos van a acarrear consecuencias, pero dada a situación na que estamos se os veciños van a ter que facer un esforzo para asumir estas novas valoracións catastrais e estas novas liquidación que van a recibir pois o Concello tamén ten que facer un esforzo a hora de axustar o seus ingresos.

Sr. Núñez Troncoso: Bos días, nos alegramos que traían a pleno este procedemento de rebaixa do IBI a petición deste grupo como xa ven reclamando durante varios anos. En decembro do 2017 aprobouse a rebaixa do tipo do 0.53 ao 0.50, unha rebaixa dun



7%, ademais de bonificar ás familias numerosas, reguladas, con 40 - 50% en función de si é xeral ou especial e limitados os valores catastrais que cada un tiñan asignados, había un límite de valores catastrais, en caso de vivenda habitual era de 50.000€ e outro inmovible individualmente non podía superar 11.000€. En outubro de 2019 propuxemos a rebaixa do 0,50 ao 0,48, un 3%, rexeitada polo goberno Movemento Salceda - Partido Socialista, e isto como acabamos de escoitar vostedes xa din que o procedemento simplificado de valoración catastral xa se sabía que ía vir, pois si xa se sabía de ía vir, porqué non accederon a rebaixar o tipo tal como nos plantexamos xa no ano 2019? Polo tanto non manipulen aos veciños. Quince días máis tarde, outra curiosidade, nós solicitamos un pleno extraordinario insistimos nesa rebaixa e aí si aproban a rebaixa, aproban iniciar a procedemento, isto foi en novembro de 2019, ata agora está sen iniciar ese procedemento, xa vemos o intereses que tiña a Alcaldesa en favorecer aos veciños e iso que xa sabían que o procedemento simplificado de valoración catastral ía a vir, aínda sabendoo resulta que non acceden a baixar o tipo. O 25 de xaneiro deste ano solicitamos a través de moción a rebaixa ao 0,40 un 20%, pois fai tres meses dixeron que non, que non accedían a esa proposta, non sei que puido mudar de fai tres meses para acá, seguramente a presión dos veciños fíxolle cambia de idea e recapacitar na barbaridade que estaban facendo. Se nos dixo daquela que estaban estudiando non baixala ao 0,40, ao mellor ao 0,45 pois agora con informe desfavorable de intervención acceden a baixar ao 0,40. Cando nós propomos a baixada do tipo deste 20% de baixada o propomos porque hai motivos de sobra para propolo, un dos motivos é que o incremento da cota do IBI nos últimos dez anos, dende o 2010 ao 2020, sen contar este procedemento simplificado que estamos inmersos, subiu-incrementouse para todos os veciños por igual un 42%, incrementouse o valor catastral en dez anos un 33,5%, polo tanto, motivos máis que de sobra para que se proceda á rebaixa do tipo.

Acabamos de escoitar a carga fiscal que tiveron que sufrir os veciños todos estes anos, é lóxico que a agora se lle devolva parte dese esforzo fiscal. Xa nos gustaría a nós que o Concello fixera tamén eses esforzo. Tamén acabamos de ouvir que o Concello fixo un esforzo en axustar os ingresos, xa nos gustaría a nós que axustaran os gastos, porque é moi fácil pedirlle aos veciños un esforzo fiscal e o goberno que siga despilfarrando como segue e como todos sabemos.

Hai algúns veciños que a día de hoxe se preguntan si esta rebaixa é equitativa e xusta. Equitativa, na miña opinión persoal non é equitativa, é que o imposto en si xa non é equitativo porque o tipo de tributación é igual para todos os veciños, teñan máis ingresos ou teñan máis posibilidades económicas ou teñan menos, si ben é certo que a maior valor catastral máis se paga no cota do IBI pero o tipo é o mesmo para todo o mundo. Xusta, claro que esta rebaixa é xusta pois como acabamos de dicir en dez anos se lle incrementou en un 42 % , se plantexa agora unha rebaixa dun 20% pois é máis que xusta. E xa digo, sen ten en conta os incrementos dos valores catastrais que estamos inmersos por este procedemento.



Aínda fai tres meses se nos dicía que os valores catastrais non ían a mudar, pois preguntelle vostedes aos veciños se mudaron os valores catastrais de fai tres meses para acá, xa lle dirán con datos si mudaron os valores catastrais ou non. Nós dado que o goberno o único que presenta, e nos parece ben, dado que nos tamén o propuxemos así a rebaixa do tipo, presentamos unha emenda a esta proposta de Alcaldía, que é unha medida social que favorece, tal como o dicía o goberno e así o teñen recollido nun anuncio que fixeron na páxina web do Concello, traballan en bonificacións sociais, dicían vostedes, pero levamos xa varios meses e as bonificacións sociais non as trouxeron a este pleno. Nós si traemos a este pleno unha bonificación social, é máis, incrementar a bonificación social que xa existía gracias a proposta que no seu día fixo este grupo. Vou ler a nosa emenda: “os suxeitos pasivos que ostentan a condición de titulares de familiar numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual e na que están empadroados, sempre que o seu valor catastral non supere os 90.000€”. Aquí antes había un límite de 50.000€, agora propomos incrementalalo a 90.000€. “e que ademais os membros da unidade de convivencia non consten como titulares de outros inmobles (en calquera municipio) cuxo valor catastral (individualizado por inmovible) non supere os 25.000€”. Aquí antes había un límite de 11.000€ e agora propomos 25.000€. “A bonificación consistirá nun 50%”, antes contempla un 40% “para as familias numerosas de carácter xeral e do 70% para categoría especial de couta íntegra” antes contemplaba un 50%. Isto realmente é unha medida social, este aumento na bonificación o contempla a lei, nós o que facemos é propola e aumentala, propomos con motivos e con argumentos, porque lembren vostedes que no 2017 se incrementou o valor catastral un 8%, no 2018 un 8% solicitados polo anterior Alcalde Marcos Besada e actual Alcaldesa solicitou para o 2020 un incremento dun 3%, se a iso lle sumamos o procedemento simplificado de valoración no que estamos inmersos creo que está máis que motivada e argumentada esta proposta que nos plantexamos.

Sra. Tourón Domínguez: Bo día a todos e a todas e tamén saudar aos veciños e veciñas que nos seguen dende as súas casas. Sumarme aos parabéns á compañeira do Partido Popular, Ángela, parabéns por esa maternidade.

O compañeiro do Partido Popular nos di que non se permite que os veciños se decaten, non, queremos que se decaten de como se fan as cousas, de como se están facendo e de como se están xestionando. O Partido Popular fai moito fincapé de que eles presentaron unha moción, de que eles presentaron unha bonificación etc... O Partido Popular está enterado de que o equipo de goberno ía a traballar en distintos puntos para que este tema do IBI fose o menos lesivo para os veciños e veciñas- Falamos de crear unha oficina e se creou, falamos de solicitar a Catastro que non pasaran todos os recibos xuntos, falamos de que se está a traballar en bonificacións, falamos da rebaixa do tipo do IBI e iso todo estaba falado e abertos os expedientes antes de que o Partido Popular chegase agora a ser o salvador da veciñanza. Quero dicir, este procedemento foi claro dende un principio, o que pasa que o Partido



Popular dedicouse a enturbar para ver se deixaba quedar mal o goberno actual. Quérollo recordar porque na Comisión informativa xa lle dixemos que estaban os informes de servizos sociais, que vostedes poden acceder a eles no expediente, pero que por cuestións médicas non estaba a persoa que dirixe o departamento de intervención para facer un informe e vostede sábeo, e vostede sabe que non podía traer aquí a bonificación porque faltaba ese informe e hoxe aparecen cunhas bonificacións que xa están recollidas e que xa falamos que se estaban estudiando e que xa había informes e demais, para ser os salvadores. Tamén lle dixemos que se ían poñer en marcha, si é posible, bonificacións urbanísticas que se están estudiando, mirando se hai viabilidade ou non, si a hai se traerán a este pleno. Esas cousas todas foran postas en marcha polo goberno actual, o que pasa é que vostedes intentan iso, deixar quedar mal, ir de salvadores, mobilizar á xente para que nunha situación tan complexa como esta haxa máis crispación.

Vostedes si presentaron unha moción nun pleno anterior onde pedían a rebaixa do tipo do IBI e este goberno lle dixo que aceptamos esa parte se retiraban as outros dous puntos da moción, brinde ao sol como se veu no Concello de Mos. Vostedes pedían que solicitáramos unha moratoria a catastro cando sabían que non era posible e non rexeitamos esa moción da baixada do tipo de IBI o que dixemos foi que se rexeitaba polos outros puntos, porque non se ían poder levar acabo e que nós non íamos a andar a prometer e dicir cousas a veciñanza que despois non se ían a poder cumprir. Xa lle dixemos daquela que íamos a estudar a rebaixa do tipo do IBI. Cando conten a historia cóntena completa para que todos nos enteremos. Polo demais, a exposición de Lucía foi totalmente correcta súmome a ela. Fixo unha cronoloxía de todos os puntos e de todas as accións que se foron facendo. Tamén anunciou o futuro desas bonificacións sociais ou posibles urbanísticas si se da o caso que haxa viabilidade e así seguiremos a traballar. Gustárame que a información se de sempre completa.

Fala do ano 2017, 2019 etc...eu creo que o Partido Popular ten que empezar a facer política doutra maneira, é dicir, ir adaptándose aos contextos, vostedes non poden pretender que a similitude do contexto actual, no contexto de pandemia, no contexto de crise, no contexto dun procedemento simplificado do IBI encima da mesa que se actúe da mesma maneira que se actuou en 2017 ou en 2019. Entendo que son capaces de adaptase aos tempos actuais, entendo que son capaces de ser dinámicos, de adaptarse ás necesidades dos veciños, porque as necesidades e os contextos non son iguais. Falan de rebaixar sempre ingresos do Concello, está ben na medida do posible e a compañeira de Facenda así o dixo, que se van a rebaixar eses ingresos pero tamén hai que pensar en como se dan os servizos á veciñanza de Salceda. Creo que ninguén deste equipo de goberno estaría en contra de retirar os impostos á veciñanza pero sexamos serios que despois hai que darlle cabida aos servizos que necesita a veciñanza e máis nun momento de crise como esta. Non se pode deixar a tras a ninguén e para non deixar a tras a ninguén e poñer en marcha servizos hai que ter ingresos, iso sábeo o Concello e sábeo calquera de nós na economía familiar. Eu o



que pido é un pouco de seriedade. En canto ao que comentou a Alcadesa efectivamente eu creo que o tema está debatido, se debateu tres veces neste pleno e creo que podemos darlle as voltas que queiramos pero neste punto hai acordo, que sempre estivemos pola labor da rebaixa deste tipo, xa había acordo en plenos anteriores e agora se fai efectivo.

Sra. Pereira González: En canto ás bonificacións fiscais, no momento que dixemos que traballaríamos nas bonificacións sempre fomos partidarios das bonificacións. Creemos que as baixadas lineais, como comentaba Joaquín, non son de todo xustas. Este procedemento non afectou a todo o mundo por igual, pero si é certo que dada a magnitude e dado que lle afectou á práctica totalidade da veciñanza de Salceda creemos que neste momento é o que corresponde. En canto ás bonificacións, se solicitou informe a servizos sociais porque creemos que é o departamento que mellor coñece a realidade das familias con necesidades en Salceda, e servizos sociais emitiu un informe e estamos tamén traballando nas bonificacións urbanísticas, vendo que cabida teñen, porque ademais de que este proceso chegou no peor dos momentos posibles, sabíamos que nalgún momento ía chegar pero non cando. En Salceda hai un agravante a maiores que é a normativa urbanística que temos do ano 1997 que está desfasada e produce bastantes situacións de inxustiza. Trataremos que con esas bonificacións urbanísticas, se teñen encaixe legal, paliar esas inxustizas que se dan en moitos dos casos posto que a normativa que nós temos urbanística a veces está lonxe da normativa actual e da realidade. En todo caso as bonificacións se está traballando nelas, como xa se lles explicou na comisión, dende que servizos sociais se emitiu o seu informe coa proposta de bonificación que poden ser beneficiosas para a nosa veciñanza. Temos á interventora de baixa que non puido aínda informalas. Non está pechado aínda cales poden ser as bonificacións urbanísticas e decidimos traer este, a baixa do tipo, porque foi un acordo plenario, estaba xa claro e estaba xa informado e estamos en condicións de aseguralo e cando menos para o próximo ano 2022 sexa efectivo. Trataremos de apurar ao máximo coas bonificacións para que tamén entren en tempo pero que en todo caso non queremos correr o risco de que por esperar polas bonificacións deixar atrás a baixada que era algo que estaba claro. Creo que todos estamos de acordo que a baixa do tipo para tratar de paliar esta carga que vai supoñer para os veciños.

Se vostede ten por aí o expediente pode ver perfectamente que a providencia de Alcaldía solicitando informes é do día 10 de marzo, que a interventora emitiu o informe o 22 de marzo e que a solicitude do Partido Popular é do 25 de marzo, polo tanto quen iniciou e quen tivo a decisión de levar a diante o expediente foi o goberno. Non nos fixo falta que o Partido Popular o solicitara, xa o tiñamos claro que había que facer algo.

En canto as baixadas que solicitaban no ano 2019 e as subidas dos dez anos non son subidas, son actualizacións de valores e son actualizacións porque Salceda ten unha ponencia do ano 1989 e polo tanto, a Dirección Xeral do Catastro da a posibilidade de



actualizar os valores cun coeficiente que eles mesmos poñen, non a poñemos nós, para actualizar os valores á realidade. Os valores non son os mesmos que no ano 1989, hai que ir actualizando, igual que o prezo das cousas non é mesmo que no ano 1989, nin do 1990, nin do 2000 sequera. Os prezos hai que ir actualizándoos porque efectivamente, se non actualizamos os ingresos, os gastos si que se van a actualizar e os prezos das facturas que entran no Concello veñen actualizados. En novembro do 2019 efectivamente non correspondía baixar o tipo, non correspondía baixar o tipo porque como xa lle dixen, temos un tipo o 0,5, o máis próximo ao mínimo legal cunha ponencia do ano 1989, non correspondía baixar o tipo. Os ingresos que Salceda recibe polo IBI non son nada elevados e o pon a tesoureira no seu, e agora vai a ser perigosa esta baixa pero efectivamente toca facelo e toca asumir as consecuencias a todos.

Estamos todos de acordo en que temos que facer este esforzo e que temos que estar do lado dos veciños igual que os veciños van a ter que facer un esforzo que vai a ter consecuencia, vai a telas e noutro momento non correspondía facelo, corresponde facelo neste momento polo proceso no que estamos inmersos, polo momento no que chega e polas situacións tan inxustas que se dan neste proceso.

Sr. Núñez Troncoso: A verdade é que é inaudito o que se está escoitando neste pleno. Falan vostedes que pediron un informe a servizos sociais, si xa sabemos o informe está emitido e que lle ven a informar o departamento de servizos sociais, por certo un informe completo sobre a situación económica e a realidade social do noso Concello, que ven a informar servizos sociais sobre iso que lle acabo de dicir, pero é que servizos sociais vaille a informar sobre se teñen encaixe nas bonificacións do IBI? Non verdade? Servizos sociais xa lle informa e faille mención que existe na ordenanza unha bonificación para familias numerosas, pero nada máis, o resto quen o terá que informar será o departamento económico. Que lle pidan vostedes un informe, digamos, fiscal a servizos sociais pois non ten moito sentido e se vostedes ven a lei o único encaixe que hai son bonificacións para familias.

Din que esta iniciativa partiu do goberno, é inaudito, nós levamos insistindo, xa o dixen antes na miña intervención dende o 2017 e no 2019 rexeitaron poñer en marcha o procedemento e iso que sabían que ía a vir este catastrazo, sabían e aínda así o rexeitaron. A día de hoxe dende novembro do 2019 está sen iniciar ese procedemento, este o iniciaron agora en tempo exprés, e quen o propuxo? Este grupo, vostedes na moción de febreiro o rexeitaron. A iniciativa lle guste ou non sae deste grupo na moción presentada en febreiro deste ano, vostedes o acaban de dicir, o día 10 de marzo inician este procedemento pero nós xa o propuxemos antes e vostedes o rexeitaron, do mesmo feito que este grupo propuxo diferir os atrasos e aínda estamos esperando a comunicación do ORAL onde acceden a diferir os atrasos, comunicación que segundo vostedes é verbal. Publican unha nota informativa na páxina do Concello dicindo que teñen o OK do ORAL pero por escrito non o teñen aínda. esperemos que sexa así, non vaia ser despois que sexa problema do catastro



que traspasou mal a información ao ORAL ou creamos unha nube onde non existe. Os atrasos se poden liquidar por anualidades pero que llo digan por escrito.

Di vostede actualizar os valores, vostedes solicitaron e o anterior Alcalde, Marcos Besada no 2017 para o 2018 solicitou un incremento do 8%, solicitar unha actualización dos valores implica un aumento dos valores catastrais, loxicamente e polo tanto implica pagar máis de IBI. Alcaldesa recentemente, e iso que xa o sabía que ía a vir este procedemento, este catastrazo, tamén no ano 2019 para o 2020 solicitou a actualización de valores dun 3% co consiguiente incremento do IBI nun 3%, por iso nós tamén solicitabamos a rebaixa e vostedes non o aprobaron, esa é a realidade se queren poñemos documentos enriba de mesa e vemos si é realidade ou non é realidade.

Vou ler un texto dunha acta dun pleno: “sinala que non está de acordo co feito de que por baixar o IBI teñan que pechar servizos pois se trata de xestionar o mellor posible, como xa dixo noutro pleno, di que para non pechar un servizo como a Galescola ao mellor tería que gastarse menos en boletíns – pancartas” isto o dicía a Sra. Verónica Tourón fai un par de anos, o dicía vostede hai un par de anos.

Respecto da moratoria, xa sabemos que o procedemento simplificado do valor catastral o inicia o Catastro coa conivencia do goberno, vostedes tiveron notificación oficial o día 2 de febreiro, verbalmente bastante antes, tiñan 15 días para presentar alegacións, presentaron alegacións? Non. Cantos bandos informativos publicaron? Ningún. Algún comunicado na páxina web do Concello a este respecto? Ningún. Algunha nota de prensa ou vídeo informativo? Ningunha. Iso si, en dez días xa contemplaron no orzamento de ingresos 800.000€, para presentar alegacións no pero para incorporar ao orzamento 800.000€ para iso si que estiveron vostedes moi acertados. Tamén hai que lembrar o que dicía a Concelleira de área no pleno de febreiro, os valores catastrais non mudan, está recollido en acta, os valores catastrais sobre ese procedemento non mudan, pregúntelle vostede aos veciños si mudaron os valores catastrais ou non, si lle incrementou o IBI o que van a pagar ou non.

Sr. Tourón Domínguez: En canto ao que dicía o Partido Socialista en anos anteriores, non sei porqué aquí non quitou o compañeiro do Partido Popular o rogo e as distintas iniciativas que presentou o Partido Socialista cando no ano 2017 e 2018 se pediu a actualización de valores do anterior goberno e o Partido Socialista dicía que solicitaba unha redución, que solicitaba que se puxera información ao servizo da veciñanza, que solicitada que se dividiran os recibos, etc... Iso non o di, que o mesmo que pedía o Partido Socialista nese tempo e o que se está levando a cabo dende este equipo de goberno agora. Volvo a dicirlle o de antes, información completa.

En canto a si pedimos un informe a servizos sociais, claro que pedimos un informe a servizos sociais igual que dende a miña área se pediu un informe a urbanismo para mirar seteñen cabida ou viabilidade outras bonificacións, primeiro os departamentos



e despois se avalían economicamente as propostas dende o departamento de intervención, creo que ese é o camiño a seguir. Vostedes que levan tanto tempo na oposición e asistindo a plenos deben saber cales son os procedementos.

En canto ao do IBI, a única bonificación posible haberá que estudar en cada caso si é posible ou non e as condicións urbanísticas ou sociais do noso Concello. Voulle ler unha cousa “artigo 74 da Lei Reguladora das Facendas Locais- Bonificacións potestativas do Concello, as ordenanza fiscais poderán regular unha bonificación de hasta 90% da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles urbanos ubicados en áreas e zonas do municipio que conforme á lexislación e ao planeamentos urbanísticos respondan a asentamentos, etc...”. Si que hai posibilidades de outras bonificacións e nós si que facemos un traballo serio para mirar todo o que podemos axudar a veciñanza. Non digo si van a ter cabida neste Concello ou non van a ter cabida para iso van estar os informes que o digan pero dende logo esa oportunidade está, e tamén a vamos a estudar, e iso é o que estamos a facer, nada máis. Polo demais tema de sobra debatido en tres plenos.

Sra. Alcaldesa: O debate está realizado, xa o dixemos dende o comezo e xa intuía que unha vez máis, incluso cedendo a posibilidade de usar os dez minutos o Partido Popular de Salceda íase a cinguir a novamente a mesturar allo con cebolas, a novamente a introducir datos que se terxiversan en todo momento, é ao que dedicaron durante este tempo coa revisión catastral. A verdade moi bo resultado non lles deu e creo que tampouco vou permitir que neste pleno sigamos facendo o mesmo porque nos debemos a veciñanza, e a veciñanza, que é unha veciñanza intelixente, ten claro o que fixo cada un e cada unha de nós nesta revisión catastral. O datos están aí, se queren colgarse medallas todas para vostedes, eu regálollas, aquí vense a traballar polos veciños e veciñas e se alguén se ten que colgar as medallas e a xente que nos elixiu para estar aquí.

Hai dúas formas, ou máis, de facer política, unha facendo populismo, levantando balbordo, crispación, venta de falsas solucións e outra aceptando a realidade aínda que moitas veces supoña politicamente atoparse con certos problemas, pero hai que dar a cara e iso é o que fixo este goberno, ante unha revisión catastral de imperativo legal deu a cara, traballou e xestionou. Unha vez máis felicitar a Lucía que estivo ao fronte dende o departamento de Facenda, facendo un traballo extraordinario e que o seguirá a facer e o que fixo este goberno. No primeiro pleno falamos das medidas, no segundo deles, no extraordinario de 15 de abril faláronse das medidas, cinco medidas claras: a primeira a creación de oficina de asesoramento por onde pasaron máis de 1200 veciños e veciñas con máis de 2000 propiedades, contratáronse tres persoas ex profeso para atender algo que non era da nosa competencia pero que sabíamos que tiñamos que estar aí, e fixémoslo. Outra das medidas de apoio á veciñanza foi a modificación desta ordenanza do IBI, levou o informe tempo moito tempo, fixémoslo e aprobarémolo por unanimidade como ten que ser na defensa dos intereses da veciñanza. Terceiro, as bonificacións sociais, hai que ser serios, non traer unhas



emendas aquí e quedar ben diante da veciñanza, estudio económico, informes económicos, informe de intervención, informe de secretaría, e logo se trae. Hai que ser serios, repito, hai varias formas de facer política, nos xa escollemos cal é a nosa. Cuarta medida, solicitar ao ORAL a emisión dos recibos dos catro anos con retroactividade, a vostedes non lles vale un email, non lles vale unha chamada telefónica, non lles vale un escrito non lles vale ... acláranse, nós foi unha das medidas que decidimos adoptar e así nolo trasladaron, a concesión dese prorrateo deses catro anos. A quinta medida, que tamén está en estudio xurídico é para adoptar aquelas formas legais no que me parece a situación máis complexa en toda a complexidade que ten toda esta revisión catastral, que é solucionar o maior problema de non ter aprobado un plan xeral, que esas fincas que van a tributar como urbanizables e que sabemos que non teñen esa condición para selo, nin agora nin nunca. Si que existen bonificacións ou coeficientes redutores para paliar un pouquiño esa situación pero dende logo o goberno o ten claro e consideramos que esas fincas teñen quedar fora desta revisión. Estas foron as nosas medidas, moitas delas xa cumpridas e as outras en proceso e en traballo. De verdade Joaquín vasme permitir unha cousa, é curioso que fale de carga impositiva dos impostos a veciñanza, facenda, sendo coñecedor do que é imperativo legal, é moi curioso.

Sr. Nuñez Trocoso: Sra. Alcaldesa, nos pode dicir que datos dos que acabamos de dicir non son reais, non son certos? Enumere cales dos datos que acabamos de dicir que non sexan reais, non sexan certos. A emenda, nós presentamos o que contempla a lei e unha emenda, un beneficio que o permite a Lei para familias numerosas o único que permite a Lei respecto do IBI, non falo doutros impostos, si a vostede lle parece mal esa proposta, vostedes falaban de que ían a contemplar medidas sociais, planteamos unha medida social e a van a rexeitar, que medidas sociais contemplan no IBI que non sexa esa, que é a única que permite a lei? Diferir os atrasos, estamos esperando que traian vostedes aquí encima da mesa deste pleno a resolución do ORAL onde se lles difiren os atrasos, o diferir os atrasos o planteou este grupo porque vostedes non o contemplaba, nin se lles pasou pola cabeza, o planteou este grupo e vostedes rapidamente chamaron ao ORAL, correos electrónicos, papel ningún, correos electrónicos serán privados porque pedimos corporativos que se incorporen e non se incorporou.

Fala vostede de imperativo legal pero alguén lle está dicindo que non se paguen impostos? Vostede dixo imperativo legal, vostede sabe o que é imperativo legal, Alcaldesa? Alguén deste grupo plantexou ou lle dixo aos veciños que non pagaran os impostos correspondentes? Os impostos teñen unha marxe, se pode pagar máis ou pagar menos, outra cousa é transmitirlle aos veciños que non paguen impostos, polo tanto lle pido que cando fale mida ben as súas palabras.

Sra. Alcaldesa: Pasamos a votación da emenda presentada polo Partido Popular, que deu lectura anteriormente o Concelleiro Joaquín Nuñez.



Votación emenda: Sometida a votación emenda presentada polo Partido Popular, esta resulta rechazada por CINCO votos a FAVOR dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular e SETE votos en CONTRA dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE(3)

Sra. Alcaldesa: Da lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto que é interés do goberno municipal de poñer en marcha unha serie de medidas fiscais encamiñadas a paliar os perxuízos económicos e sociais provocados pola actual situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Visto que entre estas medidas estaría a posibilidade de modificación da Ordenanza Fiscal nº 21, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, onde se contemple a redución do tipo impositivo actual do 0,50%, fixando o tipo impositivo nun 0,40%.

Visto que a estes efectos, por providencia de Alcaldía de data 10.03.2021 iniciouse o expediente solicitando informe de intervención sobre a posibilidade de efectuar a redución do tipo impositivo.

Visto así mesmo que na sesión extraordinaria de pleno núm. 2021/4 de data 15 de abril acordouse por unanimidade iniciar o procedemento de modificación da Ordenanza Fiscal nº 21 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles onde se contemple redución do tipo impositivo actual do 0,50%, fixando o tipo impositivo nun 0,40%.

Non obstante o disposto no informe de intervención núm. 2021-0050 emitido en data 22.03.2021.

Non obstante o disposto no informe de tesourería núm. 2021-0034 emitido en data 25.05.2021.

Visto o Informe de secretaría núm. 2021-0016 emitido en data 25.05.2021.

En uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, proponho ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación do artigo 2.1 da Ordenanza fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles para a redución do tipo impositivo actual do 0,50%, fixando o tipo impositivo nun 0,40%. quedando o artigo 2 redactado do seguinte xeito:



ARTIGO 2

2.1 'Tipo de gravame: Acordado en base ao establecido no art. 72 do RDL2/2004:

- Bens urbanos: 0.40 %.
- Bens rústicos: 0.40 %

2.2: Establécese como "tipo diferenciado" na contía do 0,40% a todos os inmobles cualificados pola Dirección Xeral do Catastro con clave: AAL e cuxo valor catastral sexa inferior a 11.000,00 euros.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto."

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDE dos ONCE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación do artigo 2.1 da Ordenanza fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles para a redución do tipo impositivo actual do 0,50%, fixando o tipo impositivo nun 0,40%. quedando o artigo 2 redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 2

2.1 'Tipo de gravame: Acordado en base ao establecido no art. 72 do RDL2/2004:

- Bens urbanos: 0.40 %.
- Bens rústicos: 0.40 %

2.2: Establécese como "tipo diferenciado" na contía do 0,40% a todos os inmobles cualificados pola Dirección Xeral do Catastro con clave: AAL e cuxo valor catastral sexa inferior a 11.000,00 euros.



SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

Expediente 1982/2020. Aprobación definitiva da Relación de Postos de Trabajo.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 4,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: Como xa sabedes este equipo de goberno co apoio técnico da empresa Tudó Consulting e co asesoramento xurídico do avogado Rubén Lores acometeu a redacción da que será a primeira Relación de Postos de Trabajo da historia deste Concello, un compromiso importante, un compromiso adquirido por este goberno pero creo que é un compromiso que vai máis alá deste goberno, todos os membros desta Corporación tiñamos claro que era algo que tiñamos que facer. A RPT garante, non só, a cobertura das necesidades da nosa veciñanza senón que é unha seguridade para os empregados municipais. Como calquera outro Concello Salceda foi crescendo, foi incrementando a súa poboación, por sorte somos unha poboación viva coa media de idade a máis nova da área metropolitana e que demanda moitísimos servizos. A verdade é que ter una veciñanza nova demanda un montón de actividades, un montón de servizos e iso é positivo porque iso é vida e significa futuro.

Salceda conta dende hai moitos anos con unha estrutura de persoal que foi creada sen planificación previa, algo que se pretende corrixir con esta RPT e as necesidades que se ían presentando non eran atendidas como se deberan. Saímos a diante con todo o esforzo do mundo e con todo o traballo do persoal do Concello pero está claro que todo precisa unha estabilidade e unha planificación, o resultado desa planificación se manifesta nunha das cousas máis importantes, as incidencias retributivas e os desequilibrios entre o persoal. Creemos que tamén unha das grandes vantaxes desta RPT é que corrixe na medida do posible esa situación. Trátase dun proxecto que sufriu un trámite longo, pero hoxe chega por fin ao seu destino, a súa



aprobación definitiva, un proxecto presentado, modificado, negociado en tres mesas de negociación e creemos que é consensuado sobre todo no importante. Evidentemente nunca chove a gusto de todos e de todas pero o esforzo tanto do goberno como tamén da parte sindical do traballadores e traballadoras, foi moito. Dende logo tiñamos claro que era un documento fundamental como é tamén o convenio colectivo no que nos comprometemos a seguir traballando, xa estamos nel, a través da mediación e agardamos que antes de finais de ano teñamos tamén un convenio pechado, cumprindo así outro dos compromisos deste Concello.

En resumo, os informes de secretaría e de intervención indican que non hai nada que impida esta aprobación definitiva e pasarei a lervos das 23 alegación recollidas no certificado de rexistro aquelas que foron estimadas, estimamos as seguintes alegacións:

“1 - Alegación presentada por Cibeles Domínguez Martínez e a Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF), de reclasificación do posto de traballo 5103-Bibliotecarioa ao grupo II do persoal laboral;

2 - Alegacións referidas á corrección da titulación de acceso aos postos de traballo nos que se establece “diplomado/a universitario” debendo poñer “diplomado(a)/grao universitario”;

3.- Estimar a alegación formulada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) e pola Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF) referida aos postos de persoal operario, mediante a reconversión dos catro postos 3108-operario/a previstos para ocupar por persoal laboral fixo en postos reservados a persoal funcionario polo que o servizo de Vías e Obras contará con 8 postos de operario/a reservados a persoal funcionario; 4.- Estimar as alegacións referidas á corrección dos erros materiais advertidos nas fichas dos postos de traballo.

Desestimar, tamén, polos motivos expostos no informe de contestación ás alegacións emitido por Fernando Antonio Tudó en data 10.05.2021 todas as demais alegacións formuladas, dicir que moitas destas alegacións son obxecto de convenio e apareceran recollidas no mesmo e Desestimar a petición formulada polo grupo municipal do Partido Popular polo que se solicita que non se someta a aprobación definitiva o documento da RPT en tanto non se acade un acordo consensuado entre o goberno municipal e os representantes dos traballadores, na medida en que consta debidamente acreditado no expediente o cumprimento do requisito legal da negociación colectiva, tal e como figura no informe de secretaría núm. 2021-0002. “

Eu xa o dixen no pleno anterior, esta negociación está acreditada e así o recolle este informe, non entendo moi ben porque o PP insiste en que non houbo esa negociación colectiva.

Sr. Rodríguez Davila: Seguemos manifestando o mesmo porque non o dicimos nós o di a parte afectada, non o di este grupo o di a representación sindical e o din os

traballadores. Como pode vostede estar satisfeita do que vostedes pretendes aprobar na mañá de hoxe cando a realidade, a documentación, as manifestacións, os escritos, as notas de prensa, as reunións etc... ao longo dos últimos tempos demostran e manifestan todo o contrario do que vostedes din. Unha vez máis, nun afán propagandístico de slongáns fantásticos, de buen rollito e de consenso, de dialogo, de acordo, de paz, de amor, verdade? Porque iso é o que vostedes practican, iso é o que vostedes se dedican, a vender fume. Non ven vostedes que os documentos oficiais, non deste grupo, senón da parte sindical, dos traballadores, manifestan todo o contrario o rexeitamento total a esta RPT? A primeira da historia, si a primeira da historia imposta de un goberno aos traballadores, a primeira da historia si pero de vostedes non dos e para os traballadores, a primeira da historia si, sen consenso, sen acordo, sen un mínimo de acordo e sobre todo sen atender ás verdadeiras demandas dos e das traballadoras deste Concello. A primeira RPT que rexeitan o 95% dos e das traballadoras. Vaia acordo, vaia consenso, o dialogo creo eu, creemos nós que non debeu ser moi frutífero cando o 95%, cando todas as forzas sindicais a rexeitan contundentemente esta RPT.

Como poden vostedes pensar que isto vai frutificar no tempo cando loxicamente os precedentes, o acontecido ata agora, o manifestado, os escritos e todas e cada unha das iniciativas dos traballadores e tamén da parte sindical non son practicamente atendidas, onde creen vostedes que vai terminar esta relación de postos de traballo? Creen vostedes sinceramente ou humildemente que esta relación de postos de traballo se vai por en marcha? Vostedes cren que a van a aceptar os traballadores esta relación de postos de traballo? Vostedes, o goberno que di ser dialogante, di ser de consenso. Dicía a Sra. Alcaldesa nun boletín do seu partido que non lle importa ir das mans, non queremos que veña das mans de ninguén, Sra. Alcaldesa, nos o que queremos é que vostede como Alcaldesa actual que é desta Corporación, desta administración pública, que intente mediar, intente consensuar, intente acercar posturas e vostede nisto igual que en moitas outras cousas non fai nada do que realmente deber exercer como cargo que ostenta, porque a demostración é a que é, non o digo eu, non o di este grupo o di os documentos dos afectados, da representación sindical e dos dereitos que lle amparan para poder presentar esas demandas que non son atendidas por parte do goberno. Xa o dicían os seus predecesores, o anterior Alcalde, que dicía e agora vemos que efectivamente vostedes levan a práctica nunha forma contundente, dicía: "estou obrigado a negociar pero non a achegar acordos". É moi bonito vender que vostedes negociaron en tres mesas, por certo, creen que é suficiente nun tema tan importe tan só celebrar tres mesas de negociación cando vemos que noutras administracións municipais levan meses incluso anos e dúcias de reunións de negociacións para chegar a acordos? Si os propios sindicatos o teñen manifestado publicamente que están máis que sorprendidos. Vostedesque presumen ser dunha ideoloxía que defende supostamente, como sempre supostamente, aos traballadores e logo fan todo o contrario cando exercen o poder. De negociación cero porque as negociacións é certo que na documentación aparecen mesas de negociación, está moi ben vendelo pero o



resultado e a consecuencia desas mesas de negociación non se ven maioritariamente plasmada nese documento porque senón habería rexeitamento absoluto, total, contundente e sen paliativos por parte dos afectados directamente por esta relación de postos de traballo e por tamén a totalidade das agrupacións sindicais con representación neste concello de Salceda de Caselas.

Vinte e dúas alegacións en representación de vinte e oito traballadores dun total dunha trintena dos mesmos, é dicir, practicamente a totalidade dos compañeiros que traballan nesta administración pública, que curiosidade que desas alegacións presentadas polos traballadores, a señora secretaria municipal no seu informe é contundente ao respecto de como se lle contesta a esas alegacións, e vou ler textualmente o punto cinco dese informe da señora secretaria municipal de data 19 de maio deste ano 21: *“Proponse a desestimación de todas as demais alegacións formuladas. A este respecto debe advertirse que a práctica totalidade das alegacións son respostadas en termos idénticos en base a respostas tipo de carácter xenérico que, en varios casos, non abordan todas das cuestións alegadas e fundamentadas polos interesados nin motivan suficientemente a desestimación das mesmas (...) non pode utilizarse a aplicación do manual de valoración como resposta xenérica para todas as alegacións formuladas, moitas delas plantexan cuestións concretas que requiren dunha fundamentación máis detallada.”* e o que é máis sorprendente deste informe para a desgracia dos traballadores, di a señora secretaria: *“Así mesmo non semella correcto, a xuízo desta secretaría, responder á algunhas alegacións cun “Non hai comentarios ao respecto” senón que debería indicarse, cando menos sucintamente, os motivos polos que non procede entrar a analizar a alegación formulada.”* É dicir, para resumir o que ben a dicir a señora secretaria, se lle contesta basicamente a todas as alegacións dun xeito xenérico sen entrar na cuestión da propia alegación e sen ter en conta a motivación para desestimar por parte do goberno, delegando na empresa que redacta esta RPT a contestación a estas demandas, é dicir, un copia e pega para todas as contestación das alegacións, despreciando as alegacións presentadas polos traballadores porque non son contestadas como debidamente debían ser contestadas, é unha patada á pelota para adiante e ao final que máis da o que presenten que nos temos claro que vamos aprobar si ou si esta RPT.

É unha RPT en medio de sentencias xudiciais que caen en contra deste goberno igual que no anterior goberno durante anos por non cumprir os dereitos laborais dos traballadores, por non recoñecerlles os trienios, incluso tendo que chegar ao Tribunal Supremo a Madrid. É lamentable que un traballador deste Concello teña que ir a Madrid porque este goberno no lle recoñece o dereito que lle ampara a Lei respecto destas cuestións. Se tiveran que pagar do seu bolsillo, irían ao Supremo vostedes? Pero como paga o pobo e logo claro, non queren baixarlle vostedes en algunhas ocasións os impostos porque claro, hai que gastalos en cousas innecesaria, centos de miles de euros en sentencias xudiciais, despedimentos improcedentes nos últimos anos, recoñecementos laborais que imos a ter que pagar porque vostedes non son



quen de liderar, sobre todo a Alcaldesa, estas negociacións. Vostedes negaban eses dereitos, vostedes os que dín ser de esquerdas, desa esquerda que? Que menospreza o traballo dos traballadores. Como se van sentir os traballadores cando vexan que un goberno non os motiva, non os apoia, non acordan con eles? Como veñen os traballadores a esta casa a traballar cando non saben o que se van a topar enriba da mesa? Se lle abren expedientes disciplinarios, nomean a un instrutor e ese instrutor é contundente contra este goberno ao respecto dese expediente disciplinario dese traballador e que vostedes despois desenténdense dese informe dese instrutor que vostedes nomean e que ao final teñen que ir a vía xudicial.

Creo que están a tempo de retirar esta RPT, creo que sería un bo xesto cara aos traballadores e que como dín todos os sindicatos, retomen a negociación, non aproben esta relación de postos de traballo porque ao final non vai ter un bo fin.

Sra. Tourón Domínguez: Quería empezar lembrando que a RPT é a relación de postos de traballo dun Concello, é un documento obrigatorio, temos a obriga de aprobalo, temos a obriga de que exista unha primeira RPT no Concello de Salceda, e iso é o que traemos hoxe aquí. Creo que a veces esquecemos cales son as obrigas do Concello cando defendemos algúns temas. Unha RPT se trae para organizar os postos de traballo para poder prestar os servizos da mellor forma, da forma máis eficaz á veciñanza, e é necesaria, e isto non ben deste goberno nin sequera do anterior. Levamos un montón de anos coa relación de postos de traballo enriba da mesa, non pode dicir agora o Partido Popular que se negocia en tres mesas, o debate da RPT leva anos e eses anos, ese darlle para adiante, ese aspirar a todo o que se poida é o que nos leva a que hai unha crispación entre os traballadores en moitos casos, co cal a RPT é o inicio para arranxar esta situación de moito tempo e creo que todos os concelleiros e concelleiras que estamos hoxe aquí deberíamos ter ese punto na mente e non desviarnos del. Este equipo de goberno nos presentamos diante dos traballadores, cando iniciamos esta lexislatura, dicindo que íamos a aprobar a relación de postos de traballo e o convenio laboral, comprometéndonos a iso e parte dese compromiso é o que traemos aquí hoxe e como xa anunciou a Alcaldesa en varias ocasións, a seguinte parte será a aprobación do convenio laboral, un compromiso que adquirimos cando comezou esta lexislatura, ou vostedes tampouco lles gusta agora que cando temos compromisos e os cumprimos tampouco lle gusta? Entón hai que retirala e non facer a RPT.

En canto a se houbo negociación ou non e que volvemos sobre o mesmo, houbo tres mesas de negociación nesta lexislatura onde o servizo de secretaria afirma e confirma que houbo negociación. Por suposto que nunha negociación non está nin se acepta todas as proposta dun lado nin do outro, é unha negociación ogallá foramos quen de chegar a un consenso con todo o mundo, pero sexamos conscientes, nin fomos capaces de chegar nin neste Concello nin en moitos outros, nin nas empresas cando se chegan a acordos, as negociacións son iso, ceder nuns casos cara un lado e outros cara outro. Se tiveron en conta moitas das propostas xa nas propias mesas de



negociación, despois se presentaron alegacións e se atenderon algunhas, xa acaba de anunciar a Alcaldesa, que é a responsable de persoal, que moitas outras se atenderán co convenio laboral porque son materia de convenio laboral, co cal, confirmo que houbo negociación, intentamos mediar, acercar posturas, facer todo o traballo previo para que esta RPT chegase hoxe aquí o máis consensuada posible e puxemos todos o posible da nosa parte, de todo o equipo de goberno.

Pido se retire a palabra de desprezo cara aos traballadores, en ningún caso este equipo de goberno, ninguén deste equipo de goberno desprezou aos traballadores por non aceptar unha alegación, eu creo que temos que medir as palabras que utilizamos nun pleno. Din que os partidos que esquerdas temos que defender os dereitos dos traballadores, por suposto nós defendemos os dereitos dos traballadores e traballadoras deste Concello e o inicio é facer unha relación de postos de traballo que lle dea cabida ao máximo posible das súas pretensións e tamén solventar aquelas problemáticas que ao mellor viña de antes e que non eran de todo xustas e que intentamos igualar. Por suposto que este documento pode ser mellorable como calquera outro documento, claro que pode ser mellorable pero o que non poden pretender e que esteamos todos de acordo con todo e mentres tanto non cheguemos cunha RPT a este Concello e que sigamos anos e anos debatendo sobre un documento, que repito, é obrigatorio.

Estou totalmente de acordo coa Alcaldesa, é un documento máis que debatido, máis que negociado. Sinto que non estean de acordo os grupos municipais en aprobalo conxuntamente pero creo que é o inicio dun gran traballo, creo que acabará coa aprobación do convenio laboral para darlle cabida a eses dereitos que vostedes tanto demandan e espero que así sexa e que siga a liña que ten que seguir, que é a aprobación primeira da RPT e despois do convenio.

Sra. Alcaldesa: O Partido Popular de Salceda non é a representación sindical dos traballadores e traballadoras. Esa representación leva anos negociando e nesta última etapa houbo tres mesas xerais de negociación. O PP ten que velar pola veciñanza, a representación sindical xa fai o seu traballo e vimos traballando nisto durante moitísimo tempo, o informe de secretaría dixen antes que era favorable e nas súas conclusións di o seguinte: *“os documentos que integran a RPT reúnen os requisitos mínimos establecidos e o contido exixido na normativa de aplicación tal e como se indica no apartado 7º do presente informe”*, polo tanto non hai ningún impedimento para que esta RPT saia a diante, mágoa que non sexa pola unanimidade que requiría un documento deste tipo, mágoa cando ademais se trata dun documento que hai que cumprir e ter por obriga legal e sen embargo o Partido Popular de Salceda considera que non se debe aprobar. E

u en todo este tempo non recordo nunca, xa non falo desta legislatura senón das anteriores nas que se viña traballando, tres xa, a min non me consta que vostedes fixeran chegar nin unha soa proposta, nin unha soa, si de facer de representación



sindical, si de mostrar a súa disconformidade, si de tentar crispas, algo que creo que se deron conta nestes dous anos non pega moito comigo e non vou entrar en ese xogo, así o dixen o día que me investiron Alcaldesa e así o vou a cumprir ata o final da lexislatura. Vostedes adicaronse a iso pero ata onde eu teño coñecemento non fixeron chegar ningunha sola proposta. Este é un paso fundamental para eliminar desigualdades salariais e sobre todo é un documento para conseguir o máis importante, repito, que o funcionamento deste Concello sexa o mellor e o máis eficaz. Desa xestión dependen os servizos que lle damos a nosa veciñanza, que é a quen nos, lévanse horas e horas traballando neste documento e eu, que considero que son unha persoa agradecida vou darlle as grazas a tres compañeiros, a Marcos Besada do que vostedes solo falan para falar mal eu non o fago nin con Alcaldes anteriores, que ademais me resultan persoas sumamente respetables cas que gardo por enriba unha boa relación, e non é buen rollito ni amor nin esas cousas, Santi, é que son así e xa me debes coñecer un pouquiño máis neste tempo. Agradecerlle todo ese traballo para chegar hoxe aquí a estas persoas a Marcos, a Sito, a Concelleiros de persoal en etapas anteriores e a todo o equipo de goberno, para que hoxe poidamos traer este documento que forma parte dun compromiso e que como administración debemos dar exemplo no cumprimento das obrigas legais, debemos dar exemplo. Digo eu e creo que deberían recapacitar o sentido do seu voto e votar a favor de algo que é imperativo legal, non si Joaquín? É de obrigado cumprimento aínda que non estean de acordo. Nós ademais somos xente humilde quen de recoñecer que todos os documentos son mellorables, e tamén o digo, a RPT non é un documento pechado que non se poida tocar para nada, é un documento vivo que sufrirá modificacións en función das necesidades e en función da situación do Concello. En definitiva, cumprimos compromisos, novamente xestionamos e seguiremos a facelo como foi o noso compromiso co convenio laboral.

Sr. Rodríguez Davila: Imaxino eu cando vexan a intervención de vostedes tanto a representación sindical como os propios traballadores a incredulidade do que vostedes manifestan aquí. Nós non somos portavoces de ninguén, nós somos o grupo maioritario desta Corporación que trasladamos a este pleno municipal, que é onde se aproba ou nom a relación de postos de traballo así como outros asuntos, o que manifestan en escritos públicos, porque están no expediente que ven a este pleno, tanto os traballadores como a representación sindical. Di vostede que este grupo non presentou nada nestes anos, claro, porque nós non participamos nesas mesas, porque nós nunca fomos chamados por parte da Sra. Alcaldesa e do anterior Alcalde a ese respecto. Dicar frases de anteriores Alcaldes ou ex-concelleiros non é faltarlle ao respecto nin nada parecido, eu fágome eco do que está recollido en actas do pleno, Sra. Alcaldesa, iso foi manifestado por ese Alcalde e eu o traslado outra vez a este pleno e iso non é faltarlle ao respecto ao Sr. Alcalde anterior, faltaría máis.

Vostedes se definen por si mesmos e se retratan a si mesmos e caen na súa incoherencia. Vostedes mesmos cando reiteradamente tanto a Sra. Verónica Tourón como vostede mesma, Sra. Dolores Castiñeira, acaban de dicir fai uns minutos que



esta RPT leva anos e entón hai que darlle para adiante e aprobala, leva anos e resulta que hai tres mesas de negociación, vaia traballo, iso é un autentico brindis ao sol pola súa parte. Si tantas horas de traballo como di a Sra. Alcaldesa lle adicaron a esta cuestión e resulta que o 95% dos traballadores e a totalidade das agrupacións sindicais manifiestan por escrito publicamente estar en contra desta relación de postos de traballo sen paliativos e que vostedes alardeen do compromiso que imos a cumprir, con quen? Con vostedes, porque cos traballadores non, porque non están de acordo, onde creen que vai a acabar esta relación de postos de traballo? Si son conscientes e coñecedores pero logo dirán que a culpa é daqueles que van vía xudicial contra esta relación de postos de traballo, que seguramente, non vamos a ser nós porque non somos parte afectada, pero si dicimos claramente que apoiamos as demandas dos traballadores e estamos de acordo en que se retire esta relación de postos de traballo na mañá de hoxe, para que se retomen as negociacións nas mesas do mesmo nome e que se intente chegar a un acordo de mínimos para o ben de todos. Por iso insistimos en que están a tempo e lle pido nesta ocasión na que vai a ser nos próximos anos Alcaldesa deste Concello, que se desmarque, que faga honra a súa palabra nos últimos anos, que cumpra cos traballadores que en privado lle manifestou o que lle manifestou, que faga efectivo aquilo que dicía nos plenos que era unha caza de bruxas, non se acorda vostede que dicía que era unha caza de bruxas a persecución do Sr. ex alcalde con respecto de moitos traballadores? Claro que houbo traballadores que sentiron discriminación, claro que si, entre outras cousas por ir na lista electoral dun partido democrático a unhas eleccións municipais, desprezando o seu traballo, ninguneando o seu posto de traballo, deixándoos abandonados, sacándolles funcións, sacándolle a retribución económica acordada con el, iso non é desprestixiar? Iso non é deshonar a súa honorabilidade? Iso non é menoscabar a súa honra? Iso o fixeron vostedes, o actual goberno, por sectarismo cara a persoas que pensan diferentes a vostedes e que tiveron o apoio maioritario da veciñanza de Salceda. Eses son os feitos por moito que digan que non, porque se sacaron a retribución acordada con el, porque lle sacaron as competencias no posto de traballo, porque ningunean sistematicamente, día a día, a esas persoas que libremente nunha democracia se manifiestan contra dun goberno.

Voulle ler o que din as tres agrupacións sindicais na súa conclusión: CSIF *“que se retire la relación de puestos de trabajo aprobada para que vuelva a la mesa de negociación y por un lado se corrijan errores e contradiciones y por otro se llegue a un documento con el mayor consenso posible”*, CCOO *“por lo expuesto solicito que se tenga por presentado este escrito e na súa virtude dispoña a súa admisión e de acordo co rozoado solicito a anulación do acto de aprobación inicial de relación de postos de traballo acordando a retroacción das accións procedimentais ao momento previo a adopción dese acordo dispoñeno a apertura dun trámite de negociación baseada na legalidade e na boa fe, minimamente acorde aos postulados normativos”*, e a CIG *“solicítase que unha vez presentado este escrito o admita e se retomen as negociacións cos representantes dos traballadores, procedendo a convocar aos órganos de negociación co obxecto de que sexan tratadas tales materias, tal e como exige a*



lexislación vixente e a paralización da aprobación definitiva da relación de postos de traballo mentres non se chegue a un acordo". Non o dicimos nós, o din os sindicatos, as tres forzas sindicais. Están a tempo de non cometer un novo erro histórico que o único que vai facer é endebedar máis ao Concello porque seguramente, e o tempo o dirá, isto acabará nos tribunais e o Concello con fondos públicos tendá que defender o interese, non do Concello, de vostedes, porque van a aprobar unilateralmente esta relación de postos de traballo.

Sra. Tourón Domínguez: Repítolle, tres mesas de negociación nesta legislatura, nesta última negociación non en todos os anos anteriores, non intente dicir que en todos os anos que leva a RPT enriba da mesa só se fixeron tres mesas porque non é certo. En canto a que non foron chamados para esas mesas de negociación e que non puideron facer achegas, asómbreme porque eu creo que ninguén o limitou, sen estar convidado, ninguén o limitou a presentar as achegas, todas as que quixera e máis é a súa obriga como oposición, ademais noutros temas presenta todas as achegas que quere, pero claro, neste caso é mellor tomar o asento da oposición, non presentar, achegar e incentivar, como acaba de facer, a que se vaia ao tribunal coa RPT, iso é máis sinxelo que presentar achegas, e máis efectivo, por suposto que si.

Reitero o noso compromiso, o compromiso deste grupo en campaña electoral de que haxa un convenio laboral e o compromiso do noso grupo e da miña persoa tamén diante dos traballadores de aprobar unha RPT e un convenio laboral en conxunto co resto do equipo de goberno, e iso foi o compromiso, o que pasa é que a vostede tampouco lle gusta que cumpramos os compromisos, porque entón non pode estar dicindo a mesma frase sempre, non cumpre, non cumpre, nunca di exactamente en que, pero eu nunca cumpro coa palabra, entón cando queda em evidencia que se cumpre coa palabra pois hai que retiralo, non vaia ser. Eu en ningún caso desprestixiei nin ninguneei a ninguén, a ningún traballador ni a ningunha traballadora, e máis, eu quero agradecer o bo ton que tiveron estes dous anos, tanto no día a día como nas mesas de negociación, si vostede quere pretender algo diferente ou crear rifa ou demais alá vostedes. Creo que non é serio nin é o que debe facer polo partido da oposición respecto dun documento tan importante como este. Pola miña parte, pola parte do Partido Socialista e pola parte de todo o equipo de goberno en ningún caso se intentou ningunear a ninguén, se fai unha negociación, se chegan a algúns acordos e a outros non se chega, pero por ambas partes.

É un documento necesario, importante, obrigatorio é o inicio da solución de moitos problemas e ten que continuar coa aprobación do convenio laboral e reitero o agradecemento do bo ton dos traballadores e dos sindicatos neste dous anos.

Sra. Pereira González: Vou facer uso destes dous minutos para aportar algo de datos porque si que estivemos os dez minutos e cinco minutos dicindo que non había acordo, que non había consenso, que era unha RPT imposta. A relación de postos de traballo é o mecanismo que distribúe e que organiza o persoal, o cadro de persoal



dun Concello, polo tanto tamén terá que ser o goberno quen decida e distribúa ese cadro de persoal. En canto ao tema de negociación, houbo tres mesas nesta lexislatura, pero saben perfectamente que na anterior lexislatura houbo cinco ou seis mesas. Houbo tres nesta, de todos modos nesta lexislatura a RPT que se presenta na primeira mesa contempla 44 postos e unha masa salarial de un millón de euros, aproximadamente, froito dos cambios, porque si que os houbo, houbo cambio de funcións, cambio na modalidade de contratos, houbo aumento de complemento de destino, 17 postos aumentaron o complemento de destino nesas tres mesas negociadoras que se traducen en 17 persoas, houbo aumentos de xornada, houbo cambios de grado, houbo cambios de grupo, houbo cambio de titulación. Temos unha RPT que se trae hoxe con esas mesmas 44 prazas iniciais pero con unha masa salarial que está entorno a un 1.150.000€ polo tanto xa temos 150.000€ de incremento salarial que algo indica que cambios e negociación houbo. Eses 150.000€ que estamos falando de masa salarial hai que sumarlle seguridade social, hai que sumarlle antigüidades, hai que sumarlle complementos persoais transitorios, co que nos iremos a un dous millóns de euros do capítulo I, ao final tamén hai que ser consecuentes, o Concello ten o orzamento que ten e ten a capacidade que ten, e estamos baixando ingresos, temos que aprobar unha relación de postos de traballo consensuada que nos guste as dúas partes, si, pero que se poida facer efectiva.

Sr. Rodríguez Dávila: Está moi ben o que vostede di, pero a verdade é a que é, tristemente, volvemos a insistir, nós os levamos dito nos últimos anos con documentos, publicamente. Nós non estamos de acordo en aceptar todas as demandas dos traballadores, iso é ser coherente, iso é deixalo por escrito en acta de pleno unha vez máis, llo dixemos en reiteradas ocasións cando se debateu ese asunto, como imos a aprobalo unanimemente pola Corporación si nós non somos partícipe desa negociación, si non se nos convocou nunca, si non se nos informou nunca ao respecto, si a Alcaldesa e o ex-alcalde non fixeron a súa función que é facer de mediación entre as partes para poder chegar a un acordo, como queren agora vostedes meternos no mesmo saco? Por suposto que non, nin o aceptamos porque os feitos son os que son, nin participamos, nin se nos convocou, nin nos pediron a opinión ao respecto e nós o que trasladamos aquí neste pleno é o manifestado polos traballadores e polas traballadoras e pola representación sindical, clara e medianamente contundente en contra desta relación de posto de traballo.

Deslexitimar aos traballadores é cando todo o goberno cala en silencio cando se fan actuacións cara a traballadores concretos e ningún membro do goberno sae en defensa dos mesmos. Eu aquí en nome deste grupo maioritario non quero rematar a nosa intervención e este pleno onde vostedes van a executar e perpetrar esta atrocidade cara aos traballadores que ao final terá un triste desenlace, vou terminar cunha mensaxe positiva, reiterando que nós solicitamos que non se leve a aprobación definitiva deste documento de relación de postos de traballo do Concello de Salceda de Caselas en tanto non sexa consensuado polas partes implicadas. Unha vez máis pedimos consenso, acordo e dialogo, non fagan vostedes o que van a facer porque o



vamos a pagar todos os veciños a través do custe económico para as arcas municipais, e polo tanto, cando o rexeitamento é contundente, maioritario, sen paliativos de todos afectados e tamén das organizacións sindicais desta administración creo que terían que vostedes reflexionar, non todo é eterno e non todo é para sempre por iso quero mandar unha mensaxe de optimismo no futuro porque todo ten remedio e seguramente no futuro acadaremos un acordo beneficioso para o Concello, para as arcas públicas e para os traballadores, non o que vostedes van a aprobar agora mesmo.

Sra. Alcaldesa: Sabe o que non é ser coherente? Non traer nin unha soa proposta cando no punto anterior do IBI dixi que a proposta era súa, iso e ser un pouquiño incoherente. A relación de postos de traballo é un documento de postos de traballo que non leva parello nomes e apelidos, non teñen propietario nin propietaria. Hoxe imos a aprobar un documento moi importante para o funcionamento deste Concello e para garantir os dereitos dos traballadores e traballadoras deste Concello. É un día moi importante no que ademais imos a facer efectivo o cumprimento dun dos nosos compromisos de goberno.

Dou lectura a proposta de Alcaldía:

“Tramitado o expediente para a aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo do Concello de Salceda de Caselas, formado polos seguintes antecedentes:

- *Borrador de Relación de Postos de Traballo para someter a negociación.*
- *Proceso de negociación a través da Mesa Xeral de Negociación conxunta de funcionarios e laborais do Concello, celebrándose as seguintes sesións: MXN/2020/3, MXN/2020/4 e MXN/2020/5.*
- *Borrador da RPT para aprobación inicial formada por tres documentos: organigrama, funcións e RPT, valoración de postos e motivación dos cambios na RPT elaborada por J&L TUDÓ CONSULTING S.L.*
- *Providencia de Alcaldía solicitando a emisión de informes en data 06.02.2021.*
- *Informe de Secretaría núm. 2021-0002 de 9 de febreiro.*
- *Informe de Intervención núm.2021-0025 de 10 de febreiro.*
- *Documento de motivación dos cambios na RPT presentado en data 10.02.2021 (Rex. núm. 2021-E-RE-1839) polo que se corrixe parcialmente o presentado en data 30.01.2021, non consta sinatura ou autor/es do mesmo.*
- *Ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno de 15.02.2021.*

- Novo borrador da RPT para aprobación inicial formada por: organigrama, funcións e RPT; valoración de postos e motivación dos cambios na RPT de data 15.02.2021 (Rex. Núm. 2021-E-RE-211).
- Acordo da Mesa Xeral de Negociación de 19.02.2021 de establecemento de complemento persoal transitorio.
- Acordo plenario de 19.02.2021 de aprobación inicial da RPT.
- Anuncio de aprobación inicial publicado no BOPPO núm. 43 de 04.03.2021.
- Presentación en data 07.05.2021 (Rex. núm. 2021-E-RE-738) do texto definitivo da RPT formado por dous documentos, un relativo ao organigrama, funcións e RPT e outro relativo á valoración de postos. do texto definitivo da RPT formado por dous documentos, un relativo ao organigrama, funcións e RPT e outro relativo á valoración de postos.
- Informe de 15.05.2021 da funcionaria encargada do Rexistro Municipal relativo ás alegacións presentadas no período de exposición pública.
- Informe de contestación ás alegacións asinado Fernando Antonio Tudó en data 10.05.2021 (Rex. núm. 2021-E-RE-746).
- Providencia de Alcaldía solicitando a emisión de informes en data 11.05.2021.
- Informe de Intervención núm. 2021-0087 de 12.05.2021.
- Informe de Secretaría núm. 2021-0015 de 21.05.2021

Realizada a tramitación legalmente establecida, de conformidade co artigo 22.2.i) da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte,

PRIMEIRO: Estimar as seguintes alegacións:

- 1 - Alegación presentada por Cibeles Domínguez Martínez e a Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF), de reclasificación do posto de traballo 5103-Bibliotecarioa ao grupo II do persoal laboral.
- 2 - Alegacións referidas á corrección da titulación de acceso aos postos de traballo nos que se establece "diplomado/a universitario" debendo poñer "diplomado(a)/grao universitario".
- 3.- Estimar a alegación formulada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) e pola Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF) referida aos postos de persoal operario, mediante a reconversión dos catro postos 3108-operario/a previstos

para ocupar por persoal laboral fixo en postos reservados a persoal funcionario polo que o servizo de Vías e Obras contará con 8 postos de operario/a reservados a persoal funcionario.

4.- Estimar as alegacións referidas á corrección dos erros materiais advertidos nas fichas dos postos de traballo.

SEGUNDO. Desestimar, polos motivos expostos no informe de contestación ás alegacións emitido por Fernando Antonio Tudó en data 10.05.2021 todas as demais alegacións formuladas.

TERCEIRO. Desestimar a petición formulada polo grupo municipal do Partido Popular polo que se solicita que non se someta a aprobación definitiva o documento da RPT en tanto non se acade un acordo consensuado entre o goberno municipal e os representantes dos traballadores, na medida en que consta debidamente acreditado no expediente o cumprimento do requisito legal da negociación colectiva, tal e como figura no informe de secretaría núm. 2021-0002.

CUARTO. Aprobar a Relación de Postos de Traballo deste Concello formada polos seguintes documentos presentados en data 07.05.2021 (Rex. núm. 2021-E-RE-738):

- *Organigrama, funcións e RPT*
- *Valoración de postos*

QUINTO. Notificar o presente acordo aos interesados que figuran no expediente, publicar integramente a citada relación de postos de traballo na sede electrónica do Concello e publicar o presente acordo e a estrutura de postos da RPT no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO. Remitir una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de trinta días.

SÉTIMO. Establecer un complemento persoal transitorio para aqueles empregados municipais que teñan unha retribución actual superior á proposta na RPT, nos termos acordados pola Mesa Xeral de Negociación na súa sesión de data 19.02.2021."

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE(3) e CATRO votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose do seguinte acordo:



PRIMEIRO: Estimar as seguintes alegacións:

1 - Alegación presentada por Cibeles Domínguez Martínez e a Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF), de reclasificación do posto de traballo 5103-Bibliotecarioa ao grupo II do persoal laboral.

2 - Alegacións referidas á corrección da titulación de acceso aos postos de traballo nos que se establece “diplomado/a universitario” debendo poñer “diplomado(a)/grao universitario”.

3.- Estimar a alegación formulada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) e pola Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF) referida aos postos de persoal operario, mediante a reconversión dos catro postos 3108-operario/a previstos para ocupar por persoal laboral fixo en postos reservados a persoal funcionario polo que o servizo de Vías e Obras contará con 8 postos de operario/a reservados a persoal funcionario.

4.- Estimar as alegacións referidas á corrección dos erros materiais advertidos nas fichas dos postos de traballo.

SEGUNDO. Desestimar, polos motivos expostos no informe de contestación ás alegacións emitido por Fernando Antonio Tudó en data 10.05.2021 todas as demais alegacións formuladas.

TERCEIRO. Desestimar a petición formulada polo grupo municipal do Partido Popular polo que se solicita que non se someta a aprobación definitiva o documento da RPT en tanto non se acade un acordo consensuado entre o goberno municipal e os representantes dos traballadores, na medida en que consta debidamente acreditado no expediente o cumprimento do requisito legal da negociación colectiva, tal e como figura no informe de secretaría núm. 2021-0002.

CUARTO. Aprobar a Relación de Postos de Traballo deste Concello formada polos seguintes documentos presentados en data 07.05.2021 (Rex. núm. 2021-E-RE-738):

- Organigrama, funcións e RPT
- Valoración de postos

QUINTO. Notificar o presente acordo aos interesados que figuran no expediente, publicar integramente a citada relación de postos de traballo na sede electrónica do Concello e publicar o presente acordo e a estrutura de postos da RPT no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO. Remitir una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de trinta días.



SÉTIMO. Establecer un complemento persoal transitorio para aqueles empregados municipais que teñan unha retribución actual superior á proposta na RPT, nos termos acordados pola Mesa Xeral de Negociación na súa sesión de data 19.02.2021.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

